

UNIDADE DIDÁCTICA
CARVALHO CALERO
E A LINGUA

MARISA MOREDA LEIRADO

CARVALHO CALERO E A LINGUA





CARVALHO CALERO E A LINGUA

OBXECTIVOS

- Dar a coñecer de maneira lúdica a importancia da figura de Carvalho Calero na historia da Galiza.
- Aproximar as alumnas e os alumnos, a través da figura de Carvalho Calero, a conceptos relacionados co currículo da ESO.

PÚBLICO ALBO

1º e 2º da ESO


METODOLOXÍA

A metodoloxía por tarefas é a empregada para elaborar estas unidades didácticas. Nelas, as alumnas e os alumnos teñen que realizar un conxunto de tarefas que posibiliten a adquisición dos coñecementos necesarios para realizaren a tarefa final. En cada actividade, a figura de Carvalho Calero terá o protagonismo e será o punto de partida para introducirmos o alumnado en cuestións relacionadas coa gramática, unha das materias en que o autor centrou o seu labor de investigación e divulgación.

CARVALHO CALERO E A LINGUA



RICARDO CARVALHO CALERO (Ferrol, 1910 – Compostela, 1990) foi un dos maiores intelectuais galegos do século XX, tanto como ensaísta e creador como por ser un incansábel galeguista. Interesoulle desde cedo a literatura e a política; estudou na Universidade de Santiago. En 1933 casa coa compañeira de estudos M^a Ignacia Ramos. A Guerra Civil frustra a súa traxectoria e despois de loitar no bando republicano é represaliado pola ditadura franquista. En 1965 tórnase o primeiro profesor de galego da Universidade. A partir de 1975 comeza a defender as posicións reintegracionistas para o galego, o que provocaría que fose marxinado polas institucións.



TAREFA 1

Carvalho Calero dedicou parte da súa vida a estudar a lingua que falaba e en 1966 decidiu compartir todo o que sabía publicando esta gramática.

Sabes para que serven as gramáticas?

A gramática estuda a estrutura das palabras, as formas en que estas se ligan e os significados a que tales combinacións poden dar lugar.



Le o seguinte texto no cal Carvalho Calero explica por que decidiu escribir a gramática.

[...] non había nengunha gramática galega a disposición dos lectores: estaban esgotadas as gramáticas clásicas máis ou menos científicas, a de Mirás, a de Cuveiro, a de Saco e Arce. Entón pedíuseme que escribese unha gramática, que se publica no ano 66 (Blanco 1989: 96)

Esa gramática foime solicitada polos amigos que programaban a actividade editorial de Galaxia con vistas a proporcionar aos estudiosos e aos estudantes de galego un instrumento que lles permitise orientarse no coñecimento da lingua galega sobre a base de métodos e enfoques modernos (Blanco 1989: 179).

- a) **Infórmate sobre as persoas que Carvalho Calero menciona no texto: Mirás, Cuveiro e Saco Arce. Un deles é autor da primeira gramática en lingua galega, cal?**
- b) **A partir do texto, explica por que Carvalho Calero decide escribir a gramática.**
- c) **Imaxina que es Carvalho Calero e que, coma el, queres contribuír para normalizar a lingua. Que cousa de que aínda careza o galego sería necesario crear na actualidade?**

TAREFA 2

Outra finalidade da gramática é regularizar o uso da lingua, establecendo un modelo correcto de fala e de escrita, contribuíndo para estandarizar e normalizar a lingua. **Procura na Internet ou no teu libro de texto estes conceptos: normalizar e estandarizar e explica cal é o contributo da gramática para este par de niveis.**

NORMALIZAR:

ESTANDARIZAR:



Carvalho Calero, ao publicar a gramática, encheu un espazo moi importante, tal e como se demostra co seu éxito. Publicouse por primeira vez en 1966, mais foi reeditada até en seis ocasións. Nas novas edicións o autor ía facendo modificacións e, na última, chega a dicir que «*Hubiéramos preferido escribirlo totalmente de nuevo, es decir, hacerlo otro, hacer otro*» (Carballo Calero 1979: 11).

Unha das razóns por que Carvalho preferiría tela escrito de novo é porque comezou a compartir a idea da unidade da lingua galego-portuguesa. Esta forma de ver a nosa lingua foi defendida por moitos/as intelectuais galegos/as, tanto no pasado como na actualidade.

Infórmate na web sobre o reintegracionismo e sobre a AGAL. Estás de acordo cos principios que defende esta entidade? En que medida cres que podería beneficiar o galego?

CARVALHO CALERO E A LINGUA

TAREFA 2

VISUALIZA O SEGUINTE VÍDEO:



<https://www.youtube.com/watch?v=O3ZGMz2m4Tg>



A partir deste vídeo, tenta explicar que quería dicir Carvalho Calero con esta frase.



TAREFA FINAL: ELABORAMOS DE FORMA CONXUNTA A GRAMÁTICA GALEGO-PORTUGUESA (BINORMATIVA)

En grupos e coa axuda do/a profesor/a, debedes seleccionar un aspecto gramatical estudado este ano. A seguir, a profesora ou o profesor vai entregarvos as explicacións gramaticais dadas na gramática portuguesa para as adaptardes ao galego. (ver anexo)


Encontrastes moitas diferenzas entre o galego e o portugués?

PARA REFLECTIR AO FINAL

Elabora un texto en que expoñas como vías o galego e o portugués antes de coñecer Carvalho Calero e como os ves agora.




CARVALHO CALERO E A LINGUA





CARVALHO CALERO E A LINGUA



Autoría: Marisa Moreda Leirado

Coordinada por: Teresa Crisanta V. Pilhado & Eduardo Maragoto

Diagramada por: Uxio Outeiro

Este material didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura e Turismo e da Deputación da Coruña.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

#aculturasegue

